



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal número 14 que regula a taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

O Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 14 de novembro de 2024, adoptou o acordo de aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5 “Cota tributaria” da Ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable.

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, o expediente queda exposto ao público por trinta días hábiles a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar ante o Pleno as reclamacións que consideren oportunas. Transcorrido o prazo sen a presentación de reclamacións entenderanse definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza.

Dodro, 19 de novembro de 2024

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís

2024/8252